



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

PROTOCOLO PROBAS CELGA 2020

NORMAS POR MOR DA COVID-19





PROTOCOLO PROBAS CELGA 2020

NORMAS POR MOR DA COVID-19

ÍNDICE	Páx.
1. INTRODUCCIÓN	3
2. INFORMACIÓN XERAL SOBRE AS PROBAS	3
3. NORMAS DE ACCESO AO CENTRO PARA REALIZAR A PROBA ESCRITA	5
4. NORMAS DE ACCESO E PERMANENCIA NA AULA DA PROBA ESCRITA	6
5. NORMAS DE SAÍDA DO CENTRO TRAS REALIZAR A PROBA ESCRITA	7
6. NORMAS DE ACCESO AO CENTRO PARA REALIZAR A PROBA ORAL	7
7. NORMAS DE ACCESO E PERMANENCIA NA SALA DE LECTURA DA PROBA ORAL	8
8. NORMAS DE ACCESO E PERMANENCIA NA AULA DA PROBA ORAL	8
9. NORMAS DE SAÍDA DO CENTRO TRAS REALIZAR A PROBA ORAL	9
10. OUTRAS NORMAS	9



1. INTRODUCCIÓN

O 12 de marzo de 2020, no DOG núm. 49, publícase a Resolución do 6 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2020 (código de procedemento PL500C), cuxas datas de realización se prevían para o mes de maio e/ou xuño de 2020.

Mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que supuxo a interrupción do prazo de presentación de solicitudes para participar nas citadas probas. Posteriormente, mediante a Resolución do 20 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, estableceuse a continuación do dito prazo e o adiamento da realización das probas ata o mes de setembro e/ou outubro de 2020. Finalmente, a Resolución do 3 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, fixou as seguintes datas para as probas: 26 e 27 de setembro (Celga 4) e 3, 4 e 10 de outubro (Celga 2, Celga 3 e Celga 1, respectivamente).

Dado que as excepciónais circunstancias sanitarias derivadas da pandemia da COVID-19 continúan en gran medida na actualidade, cómpre garantir que o desenvolvemento destas probas se efectuará de acordo coas medidas de prevención e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias. Tendo en conta isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) redacta este protocolo de cara a asegurar que todas as actuacións específicas que implica a realización das probas respecten esas medidas e outras que se poidan indicar aquí, co fin de protexer a saúde de todas as persoas que se presenten ás probas, así como do persoal avaliador e do persoal da organización.

2. INFORMACIÓN XERAL SOBRE AS PROBAS

En primeiro lugar, cómpre lembrar que as probas de cada nivel Celga terán lugar nunha xornada distinta e que o número de persoas que se prevé que se presenten en cada un dos niveis tamén é distinto. No caso do nivel Celga 4, debido ao volume de persoas inscritas, será preciso empregar dúas xornadas (unha xornada para a metade das persoas inscritas e a seguinte xornada para a outra metade). Para cada un dos demais niveis, empregárase só unha xornada. En segundo lugar, lémbrese que cada nivel consta de dúas probas: unha proba escrita e unha proba oral.

As probas dos distintos niveis Celga terán lugar en Santiago de Compostela e en Ponferrada (León), agás no caso das probas do Celga 1, que só se realizarán na primeira localidade.



Os centros onde terán lugar as probas en **Santiago de Compostela** serán a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o IES Antonio Fraguas Fraguas. Para o Celga 4 e 3 precisaranse ambos os centros e para o Celga 2 e 1 abondará con un. A previsión aproximada de asistentes é a seguinte:

Celga 4: 26 de setembro

- Núm. de persoas previstas: 400
- Centros: EGAP e IES Antonio Fraguas Fraguas

Celga 4: 27 de setembro

- Núm. de persoas previstas: 400
- Centros: EGAP e IES Antonio Fraguas Fraguas

Celga 2: 3 de outubro

- Núm. de persoas previstas: 200
- Centro: IES Antonio Fraguas Fraguas

Celga 3: 4 de outubro

- Núm. de persoas previstas: 350
- Centros: EGAP e IES Antonio Fraguas Fraguas

Celga 1: 10 de outubro

- Núm. de persoas previstas: 70
- Centro: EGAP

O centro onde terán lugar as probas en **Ponferrada** (León) será a Escola Oficial de Idiomas desta localidade. Neste caso, a previsión aproximada de asistentes é a seguinte:

Celga 4: 26 de setembro

- Núm. de persoas previstas: 100

Celga 4: 27 de setembro

- Núm. de persoas previstas: 100

Celga 2: 3 de outubro

- Núm. de persoas previstas: 20

Celga 3: 4 de outubro

- Núm. de persoas previstas: 70

En todo caso, na EOI de Ponferrada respectaranse as medidas que se establezan neste protocolo, coas adaptacións que procedan, así como outras medidas específicas que poida establecer a dirección da escola.





3. NORMAS DE ACCESO AO CENTRO PARA REALIZAR A PROBA ESCRITA

- Tanto o día previo á proba como o día da proba, as persoas que se van presentar a esta deberán tomar a súa temperatura e observar se teñen síntomas respiratorios. As que presenten síntomas compatibles coa COVID-19, as que fosen diagnosticadas coa enfermidade e que non finalizasen o período de illamento requirido ou as que se encontren en período de corentena domiciliaria non poderán acudir á proba.

- Todas as persoas deberán ir provistas da súa propia máscara (cirúrxica ou FFP2; non de tea), tapando o nariz e a boca. Deberana ter posta durante todo o tempo e, dada a duración das probas, tamén levarán unha máscara de repostado para cando sexa necesario substituír a primeira ou por se esta sufrise algunha deterioración. Recoméndase o uso de xel hidroalcohólico individual. En todo caso, nos distintos espazos do centro (portas de acceso, aulas, corredores...) haberá dispensadores de xel para a hixiene de mans.

- Nas portas de acceso e nas súas inmediacións só poderán permanecer as persoas que vaian presentarse á proba. Non se permitirá a entrada de acompañantes nin doutras persoas alleas á proba, agás no caso daquelas que precisen asistencia.

- Para evitar aglomeracións, a entrada das persoas participantes aos centros de realización de exames terá lugar de modo gradual e distribuírse a través de distintas portas de acceso. En **Santiago de Compostela** a distribución será a seguinte:

Celga 4: 400 persoas (cada un dos dous días)

- A. Porta da entrada do IES Antonio Fraguas Fraguas: 125
- B. Porta do pavillón do IES Antonio Fraguas Fraguas: 125
- C. Porta de entrada da EGAP: 150

Celga 2: 200 persoas

- A. Porta da entrada do IES Antonio Fraguas Fraguas: 100
- B. Porta do pavillón do IES Antonio Fraguas Fraguas: 100

Celga 3: 350 persoas

- A. Porta da entrada do IES Antonio Fraguas Fraguas: 110
- B. Porta do pavillón do IES Antonio Fraguas Fraguas: 110
- C. Porta de entrada da EGAP: 130

Celga 1: 70 persoas

- C. Porta de entrada da EGAP: 70

No caso da **EOI de Ponferrada** haberá unha única porta de acceso (a porta de entrada), pois o número de persoas previsto para cada xornada é moi inferior.





- As persoas presentaranse entre as 8.00 h e as 8.45 h na porta de acceso que lles fose asignada segundo o seu primeiro apelido. A información sobre as portas de acceso publicarase previamente na web da SXPL (www.lingua.gal), así como, o día da proba, en carteis informativos que estean ben visibles.
- A medida que vaian chegando, dentro do horario anteriormente sinalado, irán entrando ao centro e dirixiranse á aula que lles fose asignada, que tamén estará publicada previamente na web da SXPL (www.lingua.gal) e que, en todo caso, coñecerá o persoal da organización para poderllela indicar.
- Antes de acceder ao centro, o persoal da organización tomaralle a temperatura a cada participante e, se é superior a 37,5 °C, non se lle permitirá pasar. De igual modo, tampouco poderá acceder quen non leve a máscara posta, tapando o nariz e a boca. En cada porta de acceso tamén se disporá de xel para a hixiene de mans, así como dunha alfombra para desinfectar o calzado.
- Dentro do centro, manterase a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m durante todo o tempo, tanto nas aulas, corredores e baños coma noutros espazos máis amplos (pavillón, salóns, patios etc.).
- Sempre que o espazo dispoñible o permita, circularase xunto á parede da dereita. Non se circulará en paralelo senón en fila e mantendo a referida distancia de seguridade. En todo caso, respectaranse a sinalización correspondente e as indicacións do persoal da organización co fin de que as entradas e saídas do centro sexan ordenadas.
- Evitarase tocar os pasamáns das escaleiras e outros elementos semellantes. Só poderá usar o ascensor quen realmente o precise.
- Impediráselle o acceso ao centro ou solicitaráselle que o abandone a calquera persoa que contraveña estas medidas.

4. NORMAS DE ACCESO E PERMANENCIA NA AULA DA PROBA ESCRITA

- Antes de entrar, o persoal da organización verificará que o/a participante acudiu á aula que lle corresponde e, a continuación, indicarlle onde debe sentarse.
- As mesas e cadeiras da aula estarán dispostas de tal modo que se respecte sempre a distancia de seguridade e o aforo permitido. Así mesmo, a aula ventilarase o máximo posible.
- Cada participante pousará o documento de identificación persoal sobre a súa mesa para que o persoal da organización o poida revisar sen tocalo.



- Non poderá quitar a máscara en ningún momento, agás cando se lle pida para comprobar a súa identidade.
- Cada participante deberá empregar o seu propio material (bolígrafo) para a realización da proba e non poderá compartilo con outras persoas.
- Durante a proba e, se é o caso, antes de que esta comece, poderase saír da aula para ir ao baño. O persoal da organización que estea nos corredores velará para que a entrada e saída dos baños sexa ordenada e se respecte o aforo permitido nestes, así como o uso correcto da máscara e a distancia de seguridade.

5. NORMAS DE SAÍDA DO CENTRO TRAS REALIZAR A PROBA ESCRITA

- A persoa que remate a proba abandonará a aula, sempre coa máscara posta, tapando o nariz e a boca, e respectando a distancia de seguridade.
- Ao igual que cando entrou, sairá do centro circulando xunto á parede da dereita, sempre que o espazo dispoñible o permita, en fila e mantendo a distancia de seguridade. En todo caso, respectará a sinalización correspondente e as indicacións do persoal da organización. Tamén evitará tocar os pasamáns das escaleiras e outros elementos semellantes. Só poderá usar o ascensor quen realmente o precise.

6. NORMAS DE ACCESO AO CENTRO PARA REALIZAR A PROBA ORAL

As listaxes das persoas que poden realizar a proba oral –que se elaborarán só coas que se presentaron á proba escrita– expoñeranse nas portas de acceso de modo ben visible, para que poidan ser consultadas a medida que os/as participantes rematan a proba escrita e van saíndo do centro. Así mesmo, tamén se publicarán na web da SXPL (www.lingua.gal).

As listaxes presentarán as persoas agrupadas por quendas, así como a hora na que cada quenda será chamada para realizar a proba oral. Ao tratarse de chamamentos graduais, que se irán efectuando de acordo cun horario determinado, abondará cunha soa porta de acceso para todas as persoas: a porta B (pavillón do IES Antonio Fraguas Fraguas). En todo caso, deberán respectarse as seguintes medidas:

- Como regra xeral, no pavillón só poderán estar as persoas da quenda que vai ser chamada e mais as da quenda seguinte. Tendo en conta que non sempre se presentan todas as persoas da quenda que se está a chamar e que, para completala, se recorre ás da seguinte, poderá permitirse que persoas de quendas sucesivas permanezan no pavillón, sempre que se garanta a distancia interpersonal e o aforo permitido.



- Empregarán a máscara durante todo o tempo, tapando a nariz e a boca, e evitarán tocar o mobiliario do pavillón, agás aquelas cadeiras e bancos que poidan dispoñerse excepcionalmente para aquelas persoas que precisen sentarse mentres agardan a ser chamadas. En todo caso, no pavillón tamén haberá dispensadores de xel hidroalcohólico para manter a hixiene de mans.
- As persoas chamadas ensinarán o seu documento de identificación persoal ou depositarano nunha bandexa para que o persoal da organización o poida revisar sen tocalo.

7. NORMAS DE ACCESO E PERMANENCIA NA SALA DE LECTURA DA PROBA ORAL

As persoas que pertencen á mesma quenda serán chamadas sucesivamente e dirixidas cara a unha **sala común de lectura/visionado**, onde se sentarán para ler un texto ou ver un vídeo. Nesa sala, tamén se lle indicará a cada participante a aula á que deberá acudir posteriormente para ser entrevistado/a de modo individual polo persoal avaliador en relación con ese texto ou vídeo. En todo caso, deberán respectarse as seguintes medidas:

- Para ir dende o pavillón á sala de lectura, cada participante circulará de acordo coa sinalización correspondente e o que lle marque o persoal da organización e sentarase onde se lle indique.
- As mesas e cadeiras da sala de lectura estarán dispostas de tal modo que se respecte sempre a distancia de seguridade e o aforo permitido. Así mesmo, a sala ventilarase o máximo posible.
- Non se poderá quitar a máscara en ningún momento.
- Cada participante deberá empregar o seu propio material para tomar notas na sala de lectura e non poderá compartilo con outras persoas.
- As mesas e cadeiras da sala de lectura serán desinfectadas entre quenda e quenda. Así mesmo, o “caderno de lectura” situado enriba de cada mesa desbotarase de cada vez e colocarse un novo.

8. NORMAS DE ACCESO E PERMANENCIA NA AULA DA PROBA ORAL

- Para ir dende a sala de lectura á aula individual, cada participante circulará de acordo coa sinalización correspondente e o que lle marque o persoal da organización. No caso de escaleiras, evitarase o encontro cos/coas seguintes participantes empregando, se é posible, escaleiras distintas para subir e para baixar. Tamén se evitará tocar os pasamáns e outros elementos semellantes.
- Cada participante permanecerá diante da porta da aula na que será entrevistado/a ata que sexa chamado/a.





- Ensinará o seu documento de identificación persoal ou depositarao nunha bandexa para que o persoal avaliador o poida revisar sen tocalo.
- Non poderá quitar a máscara en ningún momento, agás cando se lle pida para comprobar a súa identidade.
- A mesa e cadeira empregadas serán desinfectadas entre participante e participante. Así mesmo, o “caderno da persoa candidata” situado enriba da mesa desbotarase de cada vez e colocarse un novo.
- Durante a entrevista, o persoal avaliador usará máscara, tapando o nariz e a boca, e, de ser o caso, tamén pantalla protectora. Entre este persoal e o/a entrevistado/a manterase sempre a distancia de seguridade e tamén se colocará un anteparo.

9. NORMAS DE SAÍDA DO CENTRO TRAS REALIZAR A PROBA ORAL

- Cada persoa que remate a proba abandonará a aula, sempre coa máscara posta, tapando o nariz e a boca, e respectando a distancia de seguridade.
- Ao igual que cando entrou, sairá do centro circulando xunto á parede da dereita, sempre que o espazo dispoñible o permita, en fila e mantendo a distancia de seguridade. En todo caso, respectará a sinalización correspondente e as indicacións do persoal da organización. Tamén evitará tocar os pasamáns das escaleiras e outros elementos semellantes.

10. OUTRAS NORMAS

- O persoal de limpeza desinfectará os baños periodicamente.
- As aulas empregadas para a proba escrita serán desinfectadas cando queden baleiras, o antes posible, sobre todo se van ser empregadas posteriormente como aulas individuais para as probas orais. Tamén se desinfectará calquera outro espazo que fose empregado polas persoas participantes, polo persoal avaliador ou polo persoal da organización.
- Dada a duración das probas, aconséllase que cada participante leve a súa propia botella de auga. Así mesmo, debido á ventilación das aulas e demais espazos, que será a máxima posible, recoméndase que, se é o caso, se leve roupa de abrigo.
- A SXPL designará un comité que supervise o cumprimento deste protocolo e que resolva as incidencias que poidan xurdir en relación coa súa aplicación.